

Excepcional e magnífico é este ensaio de Antón Patiño a atraparnos desde a entrada nunha porta xiratoria, para conducirnos, logo, con vertixe e como vagóns enganchados dun tren que nos levase desde a estación de Monforte de Lemos até unha da Europa Central. Atrapad@s e felices con Lois Pereiro nos poemas, nas proxeccións "luz-sombra", no "azul cobalto case negro", na desorde da vida e no branco da páxina, "algún son da selva dos símbolos", no baileiro radical, para "propiciar unha travesía da identidade (ausente) cara a un destinatario descoñecido". E atrapad@s nós xa no naufraxio das emocións, desde o inicio, no tren, xogramos coas distintas pezas deste "crebacabezas" que se nos ofrece, partillamos fragmentos de conversas, entrevistas, interpretacións literarias, filosóficas, entramos en blogs, oímos outras voces que nos van configurando o poeta, o home nacido e soterrado no Incio, á

Lúcido, fascinante

Viaxeiro no infinito de seu


MARGA ROMERO

beira da "cativa eirexa de Santa Cristiña do Viso", "O inicio é o Incio", di Patiño. Enredámonos nas palabras Patiño-Pereiro e gozamos desta escrita que nos achega veloces e, por veces, feroces instantáneas a través das xanelas do tren.

Antón Patiño, o mellor ensaísta, que xa nos convencera co seu *Universo Novoneyra. A poética do interno* (Espiral Maior, 2010) e tamén como poeta, convértese nun biógrafo da poética e da vida de Lois Pereiro, da súa obra-vida, afonda na memoria "do espazo antropolóxico e ámbito emocional no remuño da conciencia", no aceiro dos seus versos, na respiración do idioma, no seu rostro fascinante, na

súa "ollada limpa de heterodoxo", no "cortocircuito da identidade", nunha homenaxe nova ao poeta-home dunha xeración "de coellos de Indias de todo", para definirnos a súa voz. O tren desbócase con frases curtas e contundentes, con pensamentos fundos e precisos, aforismos que nos prenden no vagón. Lévanos Patiño-Lois, entón, na viaxe á "metáfora: achado onde acougan as verbas nunha nova vida", para ser capaz de concibir este texto "vida e obra: a escrita rexista a tatuaxe da dor", condúcenos coma no percorrido atlántico dunha pinga de auga, polo interior das imaxes sacras de Monforte, polo plano de Madrid tatuado coa

frase "Nós, os inadaptados", polo dévalar do *Ulises* no mapa de Dublín na parede dun cuarto da Coruña con



"arrependendo a medicina", nas páxinas da súa biblioteca, nos discos, nas homenaxes que o poeta dedicou a Wim Wenders ou a Thomas Bernhard, nas súas películas, nos bionómios Reimundo Patiño/Lois Pereiro ou Rivas/Pereiro, nas súas intoxicacio-

nacións literarias, no seu vocabulario simbólico e,

Unha feliz homenaxe ao poeta dunha xeración "de coellos de Indias de todo"

sen remedio.

E entramos, pois, coa pinga na cerna do corpo vida-obra co verme asasino da colza e coa dor, da que sabe Patiño-Lois, regresamos á illa refluxo, para rematar, tan acertadamente con ese poema-calligrama cheo de desexo. Un libro lúcido desde a obra e o corpo, desde a cor mención das outeiros. Unha viaxe fascinante. *PATIÑO, Antón, Radiografía do abismo, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2010, PVP.14 €*